

# REGULAMENTO DA “I CARREIRA DE NOEL ” DE VILA DE CRUCES

**22 de Decembro de 2018**

1º- O Concello de Vila de Cruces, organiza a “ I CARREIRA DE NOEL” de Vila de Cruces , que terá lugar o **Sábado 22 de Decembro de 2018**. Trátase dunha proba de carreira a pé non competitiva e non federada que pretende o disfrute da actividade física.. Conta con 2 percursos, un para os pequenos de 250 m. e outro para senior de 2 ou 4 km.

2º- No percurso de 2 km haberá a posibilidade de facer 2 voltas completando un total de 4 km de distancia.

3º.- Poderán participar todos aqueles deportistas **maiores de idade** (ou menores de idade con autorización paterna) que acepten e cumpran as condicións regulamentarias da proba e que se inscriban no xeito e prazos precisos.

4º.- O prazo de inscrición permanecerá aberto dende o día 14 de Decembro de 2018 ata o 21 de Decembro do 2018, ou unha vez inscritos un total de **100 participantes**. Para facer efectiva a inscrición será necesario inscribirse na páxina [www.emesporst.es](http://www.emesporst.es), ou no concello de Vila de Cruces entre as datas sinaladas.

5º- Como especificamos no punto 1 deste regulamento, esta proba é non competitiva polo que non haberá cronometraxe nin clasificación final, xa que o obxectivo que persegue é o fomento da actividade físico-deportiva entre a poboación, así como axudar nestas datas as familias máis necesitadas e con menos recursos.

7º.- A saída da proba será as **17:00 horas para o circuito de 350 m. e as 17:15 para o circuito de 2 km do Concello de Vila de Cruces “Juan Carlos I”**.

8º- O percorrido da carreira será circular, como expuxemos nos puntos anteriores e haberá 2 circuitos.

**1º- 350 m. para os nados no ano 2007-2008 e posteriores**

**2º 2 km para os nados 2005-2006 e anteriores.**

9º- Haberá premios para a vestimenta máis orixinal:

- Premio ó mellor disfraz individual e grupal (Infantil)
- Premio ó mellor disfraz individual e grupal (Senior)

10º.- O percorrido da carreira será polo casco urbano de Vila de Cruces, dito percorrido estará cerrado o tráfico durante o período da mesma, aínda así recomendamos a todos os participantes ter prudencia por se algún vehículo salta calquera sinalización que estea colocada para o corte da circulación.

11º.- A “**I CARREIRA DE NOEL** ” contará con servizo de ambulancia para calquera incidente que se poida producir durante a realización da proba, así como con un seguro de accidentes deportivos. A organización non se fará responsable dos accidentes, nos que puidera ser causa, a negligencia dos participantes.

12º- Ó remate da proba haberá unha chocolatada gratuíta para todos os participantes.

13º.- O feito de inscribirse na proba suporá a TOTAL aceptación das bases que conforman este regulamento.